



EXPERIMENTACIÓN DIDÁCTICA NA AULA

PRÁCTICA4-DESENVOLVEMENTO

Temporalización

Traballamos dúas unidades didácticas, Trigonometría e Vectores no plano, á primeira dedicamos dezasete períodos lectivos máis un para o exame, e á segunda tan só nove dos trece programados pois tivemos dous días de folga e outros dous de actividades extraescolares, máis un para o exame da unidade.

Metodoloxía

Comezei a experimentación como estaba previsto, falando do proxecto Descartes, visitando unha unidade didáctica na web, comentando que formabamos parte dunha experiencia a nivel rexional e por último cubrindo a enquisa inicial. Mostráronse dispostos a participar de bo grao, mais sen entusiasmo especial, recordo que son alumnos/as de 1º de bacharelato de ciencias e tecnoloxía que acaban de chegar ao centro.

No segundo día realizan a avaliación inicial de trigonometría, dos oito alumnos/as só tres teñen un nivel mínimo óptimo, os demais din non recordar nada ou non ter visto os contidos que se avalian. A medida que van rematando coa avaliación acceden á unidade didáctica coa que imos comezar ao día seguinte. En vista dos resultados en trigonometría, na unidade de vectores no plano non planifico avaliación inicial.

Traballan durante toda a experimentación na aula de informática con cadansúa computadora, rotando os postos para compensar as diferenzas técnicas das mesmas; os primeiros días tivemos algún problema técnico cos usuarios dos alumnos e algunha



que outra caída de tensión eléctrica, un día que non tivemos acceso á rede traballamos de forma tradicional resolvendo problemas sobre resolución de triángulos que era o que estaban estudando nese momento.

Entreguei as prácticas dunha en unha, tiñan que acabar unha e entregarme para poder pasar á seguinte, eu corríaa, algúns exercicios só sinalando os erros para que a volvesen facer e noutros pondo a solución correcta, recollín os resultados (completa, incompleta, ben, mal e regular) nunha grella de seguimento.

Achego o diario de clase de tres días:

15/10/08	Seguen coas razóns trigonométricas, teño que insistirles na necesidade de ler antes de facer e que as preguntas son sempre as mesmas para todas as razóns. Faltan dúas alumnas.
16/10/08	Tres alumnos pasan a traballar a folia de ampliación, os restantes seguen na aplicación intentando dar respostas só co método de ensaio-erro, sen relacionar nada do visto, insisto en que teñen que establecer conexións co xa estudado; aos máis "perdidos" dígolles como facelo.
17/10/08	Como xa levamos moito retraso con relación á temporalización, entrégolles a todos a folia de ampliación para que a fagan a fin de semana na casa, os tres alumnos máis avanzados trabállana na aula mentres o resto segue na aplicación coas razóns trigonométricas.

Ao ser alumnos de bacharelato podo apelar a súa responsabilidade de estudantes de posobrigatoria que coido me deu resultado sobre todo cos máis traballadores, oferteilles a posibilidade de traballar cada dous nun posto para completárense mais rexeitaron a oferta, aínda que si comentaban dúbidas entre eles antes de preguntarme a min como se facía.

Vantaxes e inconvenientes

O día 27 de outubro apuntei no caderno de clase "**pedíronme un libro de texto para repasar na casa, era unha posibilidade que lles ofrecín dende o primeiro día de clase e "floreceu" hoxe, valóroa como moi positiva e é froito do traballo con Descartes**", e cando comezamos a unidade de



vectores un alumno pedíume que lle cambiara o libro de texto pois non lle parecían suficientes os contidos do tema no que tiña, cunha clase tradicional isto non pasaría nunca; esta metodoloxía obrígaos a responsabilizarse da súa aprendizaxe, ler polo miúdo, pór por escrito definicións e propiedades, apuntar estratexias para a resolución de problemas...

Agora ben todo iso ten que ir acompañado dun seguimento exhaustivo por parte do profesor, considero que a corrección das prácticas é fundamental para un bo funcionamento do método , non tanto por corrixir o que está mal, senon para que eles poñan o máximo interese en facelas completas e o mellor que saiban.

Por outra banda temos que con esta metodoloxía necesitamos bastante máis tempo, a pesar de asignarlle a cada unidade cinco períodos lectivos máis que no método tradicional non foron suficientes para remataren todas as prácticas.

Estratexias para futuras experimentacións

Traballar dende o principio do tema con Descartes foi unha inmersión nas TICs un pouco forte para eles, porén despois de dous meses de traballo considero que os resultados académicos son óptimos.

Para futuras actuacións propoño:

- Comezar a unidade cunha clase tradicional expondo os conceptos teóricos básicos.
- Traballar con Descartes os contidos expostos, tanto teóricos coma prácticos.
- Elaborar actividades a maiores das que están incluídas nas unidades didácticas de Descartes para traballar con lapis e papel que axuden a sedimentar os coñecementos.